



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra....., Presidenta do Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio, actuando en nome e representación do organismo, e no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 13 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.

E doutra parte, o Sr....., presidente da Fundación Eduardo Pondal, segundo nomeamento con data do 18 de xullo de 2015.

Ambas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Protocolo de Colaboración, e para ese efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Segundo o disposto no apartado primeiro do artigo 14 da Lei 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, a Xunta de Galicia, consonte ao establecido na citada Lei e na consideración da importancia ambiental, cultural, social e económica que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, promoverá accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral, e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan como finalidade a promoción do entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.



Así mesmo, o apartado segundo do citado artigo establece que a Xunta de Galicia fomentará a incorporación da materia da paisaxe nos distintos ciclos educativos, e promoverá a formación de especialistas en materia de intervención da paisaxe.

SEGUNDO.- Que a Fundación Eduardo Pondal, ten por obxecto promover e divulgar a obra do escritor local e de proxección galega don Eduardo Pondal Abente, e a cultura galega en xeral, nos seus máis diversos aspectos e en todas as facetas da cultura universal que incidan no patrimonio cultural de Galicia.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, ao Instituto de Estudos do Territorio, correspóndelle o exercicio das competencias relativas a promoción, deseño, execución e seguimento de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e nas súas institucións, públicas e privadas, en especial, mediante a educación e formación nas materias de urbanismo, ordenación do territorio e paisaxe, así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes, tales como os catálogos da paisaxe de Galicia, as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, incluída a elaboración dos informes deles derivados, así como calquera outro que se entendese como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores.

Por todo isto, ambas as partes deciden subscribir o presente Protocolo de Colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente Protocolo ten por obxecto definir o marco xeral de colaboración entre o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio e a Fundación Eduardo Pondal



para o desenvolvemento conxunto de actividades relacionadas co a investigación e divulgación en materia de paisaxe, en especial no referente ó territorio pondaliano.

SEGUNDA. Ámbito de colaboración

A colaboración entre o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio e a Fundación Eduardo Pondal estenderase aos ámbitos de actuación e competencias en materia da paisaxe do Instituto de Estudos do Territorio que se acorden.

Algúns das actividades dirixidas a todo o conxunto da sociedade que poderán ser obxecto de colaboración entre as partes son:

- Organización de cursos, congresos, conferencias, seminarios, certames, xornadas, coloquios, campamentos, actividades educativas, foros de debate, etc, sobre diversos temas relacionados coa paisaxe dende calquera ámbito creativo.
- Realización de estudos, informes ou traballos relacionados coa paisaxe e o territorio.
- Promoción, deseño e execución de accións de concienciación e sensibilización sobre a paisaxe e o territorio dirixidas ao conxunto da sociedade.

TERCEIRA. Comisión de seguimento

Coa finalidade de manter unha relación fluída de comunicación e colaboración para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente protocolo crearase unha comisión de seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por un representante de cada unha das partes.

CUARTA. Vixencia

O presente Protocolo de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia será dun ano, sen prexuízo da súa prórroga, que deberá ser acordada polas partes con anterioridade a finalización da súa vixencia.



QUINTA. Réxime xurídico

O presente Protocolo debe entenderse, non coma unha fonte de obrigas xurídicas e económicas para as partes, senón coma unha declaración programática de xestión e os asinantes, consonte ao previsto neste Protocolo, realizarán as xestión pertinentes para redactar e someter a aprobación os correspondentes instrumentos de colaboración necesarios que desenvolvan o presente Protocolo de acordo coa normativa vixente. De conformidade co artigo 15.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este protocolo será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente protocolo de colaboración, por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezado.

Polo Instituto de Estudos do Territorio

Pola Fundación Eduardo Pondal

.....

.....

(Faixe constar expresamente que este convenio foi asinado, pese a estar eliminadas as rúbricas das persoas asinantes, en observancia do disposto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)